

Onstopus

<http://bueu.esv.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº5 Especial / Ano: 2020 / Mes de xuño / en desescalada polo coronavirus

Onstopus, ESPECIAL. Pretempada do verán 2020.

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Estamos a piques de comezar unha nova etapa estival, un pouco atípica debido ao covid-19 polo que haberá que ter moito coidado e ser moi prudentes, e coidamos interesante explicar algún tema importante que ten que ver coa posta a punto de cara ao verán. Xa a Asociación Cultural “PineirÓns” ven de enviar á Dirección do Parque un Informe das problemáticas que atoparon durante o ano 2019 e que deberían estudarse e, sobre todo, intentar soluciónalas ou melloralas para evitar que volvan a xurdir este verán 2020.

SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS PERMANENTE DURANTE O VERÁN

É de agradecer o esforzo que dende a Dirección do Parque Nacional fan para que en Ons haxa un retén de Primeiros Auxilios, pero consideramos que ese retén debería ser PERMANENTE é dicir, que estea operativo as 24 horas, polo menos, localizable un médico ou ats que atenda calquera urxencia que poida ocorrer de día ou de noite.

Páx. 1



PASARELA DE BAIXADA Á PRAIA DE AREA DOS CANS

Necesidade de examinar esa pasarela antes do comezo do verán para coñecer o seu estado de conservación despois do inverno, así como tamén, revisala periodicamente, no seu tramo final, para evitar que haxa separación entre ela e a área que dificulte a baixada á praia.

Páx. 1



MESAS NA BAIXADA Á PRAIA DE AREA DOS CANS

Importante iniciativa de Parques para facilitar aos visitantes un lugar para o xantar. Necesario un cartel informativo para evitar que esas mesas sexan ocupadas por bolsas mentres se estea na Praia. Necesaria, polo menos este ano, de realizar un desinfección diaria con auga a presión.

Páx. 1



CENTRO DE VISITANTES

Aínda que se realizan algunhas tarefas con rapaces, este Centro de Visitantes de Ons, debería ter un programa de actividades planeadas para os visitantes de día e para a poboación, veciños e turistas, que quedan a durmir na Illa. Interesante que se estuden cambios nas exposicións e a ampliación do local.

Páx. 2



POTABILIDADE DA AUGA DAS FONTES ILLÁNS

Necesario que se faga un estudo para coñecer a potabilidade da auga das fontes de Ons e dar información ao respecto.

Páx 1

BAIXADA Á PRAIA DE CANEXOL

Importante arranxar a baixada á Praia de Canexol co fin de evitar o deterioro das dunas, salvagardar a súa flora e facilitar o descenso e subida ao areal.

Páx. 2



A FONTE DE MELIDE

Aínda que os campistas conseguiran que no regato do cantil de Melide fora doado coller auga, a administración arranxoullo facendo unha fonte no ano 1987.

Páx. 3

GAIVOTAS CRIANDO EN CURRO

Dende hai anos, no Tellado das habitacións de Acuña en Curro, cría una parella de gaivotas. Este pasado ano 2019, outra parella criou no Tellado do portalón de entrada ao taller de Parques.

Páx. 3

Breves

NECESIDADE DUN POSTO DE PRIMEIROS AUXILIOS PERMANENTE

O tema de Primeiros Auxilios Permanente en Ons é a reivindicación máis antiga que dende diferentes ámbitos lévase facendo. Particularmente algunhas visitantes dende hai máis de 40 anos, a Asociación de Veciños “Illa de Ons” dende 1993 e a Asociación PineirÓns a partires de 1998. É de agradecer o esforzo que Parques vén realizando nos últimos anos para que en Ons haxa un retén de Primeiros Auxilios dende 10-11 da mañá ata as 19’30-20 h.

Como é sabido, en Ons, despois da saída do último barco, queda unha poboación entre veciños e visitantes que, segundo o día, pode chegar ás 1.000 persoas. Coidamos que é un alto número de poboación, entre os que están maiores, mediana idade, xoves e nenos, para que non haxa, como mínimo, unha persoa cualificada Ats ou Médico que poida dar solución ou atención de urxencia a un problema grave: cardíaco, ictus, accidente con traumatismo profundo, queimados,..., sendo atendido con profesionalidade, dar as instrucións sobre o seu estado ao 112 ou 061 e vixialo mentres non chegan os medios de evacuación.

En Ons hai un Campamento da Xunta (Consellería de Política Social) con rapaces entre 9 e 15 anos, esta Illa pertence ao concello de Bueu e esta xestionada pola Consellería de Medio Ambiente e o Parque Nacional, organismos con competencias para tratar este problema. Tamén podería xestionarse este servizo con Sanidade e ata pedir axuda á Deputación. Como vemos hai un bo número de organismos que poderían facilitar os recursos económicos suficientes para que en Ons haxa un Servizo PERMANENTE (día e noite) de Primeiros Auxilios con persoal cualificado (médico ou Ats). Segundo os médicos: “...*un ictus, sepsis, infarto, politraumatismo,..., onde os minutos son vida ou morte. O importante é tratar estas patoloxías antes dunha hora e no caso dun infarto colocar un estent antes de 110 minutos é primordial*”. Sabemos o que tardan en vir os medios de evacuación e, se aínda sumamos o tempo que tardaría unha persoa sen cualificación, en dar explicacións ao 112 ou 061 dos síntomas da persoa con problemas, podemos ir chamando mellor aos servizos funerarios. É polo dito que:

É imprescindible que se poñan de acordo os organismos con competencias en Ons para que, entre todos, poidan sufragar un facultativo de xeito PERMANENTE durante a etapa estival e que este retén comece a traballar, ideal, os fins de semana dende o 1 de xuño e a partir do 1 de xullo ata finais de setembro de xeito PERMANENTE.



POTABILIDADE DA AUGA DAS FONTES

É moi importante que Parques solicite a Sanidade a comprobación de todas as fontes da Illa de Ons, para ter un coñecemento exacto da potabilidade das súas augas. De non ser potable, cousa estraña nunha Illa, debería estudarse o seu motivo e, dende logo, sinalizalas adecuadamente.

PASARELA DE ACCESO Á PRAIA DE AREA DOS CANS

Esta pasarela que comunica o peirao coa Praia de Area dos Cans, unha das máis concorridas pola súa proximidade ao barrio de servizos de Curro, debería ser comprobada ao comezo do verán polo persoal de Parques na Illa e informar dos posible deterioros que poida ter para o seu arranxo antes da época estival. Importante, polo que se puido ver dende o momento da súa construción, e comprobar o estado da parte final desta, onde se xunta coa area da praia, xa que, co continuo ir e vir de bañistas, a area vai perdendo altura e chega un momento no que pode haber unha separación entre as táboas da pasarela e a area de máis de 30 e ata 40 cm., o que dificulta a baixada, en especial, a persoas de idade ou con problemas de mobilidade. Importante que se revise ao comezo da tempada e logo periodicamente para buscar solucións adecuadas o antes posible.



Como chegou a estar esta pasarela neste punto algún ano, concretamente esta foto é do 2010, aínda que todos os anos, en maior ou menor medida, sofre estes deterioros.



MESAS NA BAIXADA Á PRAIA DE AREA DOS CANS

Relevante a solución que deu Parques a esta necesidade nesta zona, poñendo un bo número de mesas e bancos de pedra que dan solución á escaseza que existía e á mala imaxe que daban as poucas de madeira que había.

Á vez, unha boa idea a de abrir un novo camiño que saíndo do de rodeiras que ven de Canexol conecta coa baixada á praia de Area dos Cans dende Curro, facendo desaparecer con el as árbores (acaías) mortas que tampouco daban boa imaxe e que agora propician unhas boas vistas sobre a praia e a entrada da ría de Pontevedra.

Só co ánimo de dar unha idea e evitar tamén a mala imaxe que dá, sería poñer un sinal anunciando a prohibición de ocupar esas mesas con utensilios (bolsas, neveiras, antucas,...) mentres se está na praia, indicando que, para utilizalas teñen que estar as persoas nelas.

Tamén este ano, despois da problemática xurdida, debería recomendarse o uso de manteis sobre a mesa e, despois da saída do último barco, que os operarios de Parques, as desinfecten con algún produto.

Non estaría mal, xa postos, que nese cartel de advertencias, tamén se suxerira que, non se deixen na praia as toallas, parasois e roupa mentres se vai xantar. A praia é un dereito de todos.

CENTRO DE VISITANTES DA ILLA DE ONS

A opinión xeral sobre este Centro daqueles que coñecen a realidade illán e do Parque, é que está infrautilizado e ten unha falla de material, con respecto ao Patrimonio Histórico e Etnográfico desta Illa, moi significativo. Recoñecer que Parques fixo un esforzo para sacalo adiante, pero falla persoal, sobre todo no verán, e a figura dun Director ou Técnico Cultural especialista que programe actos e o faga máis dinámico, á vez de ter unha relación activa cos veciños e con todas aquelas persoas, organismos, entidades, asociacións,..., que poden aportar entusiasmo, enerxía e eficacia para o desenvolvemento de actividades, sería un medio imprescindible para que Ons se converta nun punto de Actividade Cultural (social, histórica, etnográfica e natural) que prime por riba do sol e a praia e que chegue a ser referente dentro dos Parques Nacionais españois e, paralelamente, ter un grao máis ao seu favor para, xunto coas demais Illas do Parque Nacional, converterse en Patrimonio da Humanidade.

Parece ser que este pasado ano (2019) se realizou algunha actividade con rapaces, aínda que faltou información para que fose o suficientemente participativa. Tamén pensamos que hai falla de PERSOAL para que ese Centro cumpra co mínimo, que é, estar aberto de mañá e tarde e así que tanto excursións, campamentos que se achegan a Ons, visitantes do día,..., e persoas que pasan en Ons tempadas máis ou menos longas, podan programarse, non só para visitalo, senón para asistir aos diferentes actos programados e, á vez e dentro do posible, colaborar, intervir,..., e tomar parte no programado.

Con PERSOAL pode funcionar perfectamente e organizarse. Despois da marcha dos últimos barcos, sobre as 20 h., co fin de que haxa actividades que ofrecer aos Veciños, Campamentos, Cámping,..., e Turistas que quedan a durmir, para que sexa unha alternativa de ocio e didáctica, aos bares. Só hai que querer facelo. É por iso que sería importante que: O Centro de Visitantes estea aberto ao público en horario de 11 a 13,30 e de 16 a 19,30.

Que abra para actividades en horario de 19 a 22 h., podendo aumentarse a outros horarios nocturnos segundo a programación.

Que se programen actividades nel, con posteriores excursións, para ofertar en Ons, como integrante do Parque Nacional, unha alternativa ao sol e praia.

Que haxa programacións especiais para que, os que queden a pasar a noite ou uns días na Illa, teñan unha posibilidade lúdico-didáctica como alternativa aos bares.

Que se retire a exposición do Museo Pedagóxico e que ese espazo se dedique a exposición etnográfica e sobre a vida na Illa noutros tempos. Realizar un estudo para ver de tapar, con materiais que deixen pasar a luz, os espazos exteriores para dedicalos a exposicións fixas e itinerantes.



Excursión Campamento. Centro pechado



Sala de audiovisuais infrautilizada.



Exposición dunha aula escolar do Centro Pedagóxico. Leva xa anos, nada que ver coa vida illán.

BAIXADA Á PRAIA DE CANEXOL

O barrio de Canexol conta cunha magnífica Praia de fina área, ideal para tomar o sol, aínda que, se a marea está baixa haberá certa dificultade para o baño. Conta cunhas magníficas dunas, que sufriron un grave deterioro hai 40 anos sendo aproveitada a súa area para a construción na Illa tanto para veciños como para a propia administración. Contaba cunha única baixada á praia, mesmo fronte a casa de dous andares que foi escola e reitoral, ao carón das dunas, aínda que contaba con pequenos e estreitos baixados noutros puntos. Cando por fin se puxo solución ao tema da area, as dunas recuperaron e alí comezou de novo a crecer a *Linaria arenaria*, planta que estaba en perigo de extinción. Pero, o turismo ía crescendo e a administración non buscaba solución ao acceso, volvendo a sufrir as dunas o impacto das pisadas.

Co desastre do Prestige, a menos de 100 m. desa primitiva baixada e onde había un pequeno camiño, ancheárono e dende alí, e por desgracia, máis adiante xusto ao lado da salga romana, subían e baixaban as persoas dedicadas á limpeza do chapapote. Nese intre, xa con Ons pertencente ao Parque Nacional, debeuse tomar a decisión de buscar un remedio ao acceso evitando as dunas pero, ata o de agora, nada fixeron. O primeiro, sería falar cos veciños dos barrios de Canexol e Pereiró e informarles da singularidade da duna e das plantas que nela crecen e, despois, buscar unha solución a esa primitiva baixada, que a teñen preto, a menos de 100m., só hai que preparala, aseala, a poder ser, amañala para persoas con dificultades motrices e de obrigatorio emprego, polo menos, falalo cos veciños e intentalo, do contrario a duna seguirá padecendo a mala xestión da administración.



Arriba: Baixada primitiva ao lado das dunas.

Abaixo: Acceso a menos de 100m.

NIÑOS DE GAIVOTA E CARREIRA PEDESTRE

O pasado ano 2019 prohibiuse a celebración da Carreira Pedestre na Illa de Ons que se ía a celebrar no mes de maio. Segundo parece foi unha protesta dalgún grupo ecoloxista (non sabemos cal) que argumentou que se ía a prexudicar o aniñamento de aves que se fai nesa época. Non coñecemos que informe presentou a Parques e se se fixo un traballo de campo seguindo o camiño por onde discorre a carreira. Unha asociación cultural si o fixo, e aseguran que agás unha ou dúas pequenas zonas do camiño por onde discorre a proba, que poden estar entre 40 a 60 metros dos posible aniñamentos, os demais espazos por onde vai, atópanse a unha distancia suficiente como para non prexudicar en nada ás aves.

Chama a atención que nos últimos anos toda clase de paxaros e gaivotas aniñan cada vez máis en zonas urbanas, moi poboadas, con exceso de rúidos e ata a poucos metros da presenza humana. Dáse tamén a circunstancia que na propia Illa de Ons, dende hai anos unha parella de gaivotas aniña no tellado das habitacións de Casa Acuña, sacando unha parella de pitos. Este pasado ano 2019, outra parella aniñou no tellado da entrada á zona de maquinaria de Parques en Curro. Este barrio é o centro neurálxico da Illa, onde se concentra máis cantidade de xente, por onde pasan tractores e os coches todo terreo de Parques, cun balbordo diúrno e, ás veces, nocturno importante e, sen embargo, as gaivotas escolleron este lugar para aniñar e sacar adiante aos seus pitos.

Verdadeiramente uns corredores que fan a proba en total silencio, que cando chegan as zonas de “posible” prexuízo fano moi separados e bastante cansos,..., van a provocar algún estrés ás aves? Aí queda a pregunta, que habería que contestar cun informe e cun traballo de campo realizado. Iso non ten que ver que, con diálogo, se poda buscar outra data para realizar esa proba.



FONTE DE MELIDE

A praia de Melide, ao carón de ser a unha das primeiras onde comezou o nudismo en Galicia, é a máis sedutora e con maior embruxo de Ons, non só por ser a elixida pola Santa Compañía para arribar cando visita a Illa dende o seu lugar de orixe, Noalla, senón pola súa finísima area e transparente auga. É a escollida para practicar o nudismo, aínda que, sen saber ben por que, esta práctica atópase no seu ocaso nesta praia, reducida case a un “gueto” na súa parte norte. Hoxe o “têxtil” predomina e ocupa máis do 80% da area de Melide. É unha praia que carece de sombra e falta auga potable, sen embargo ten unha magnífica fonte, a menos de 200 m., no pequeno cantil a onde poderían acudir os bañistas para facer augada e poder remediar a sede nos calorosos días de verán.

Esa fonte, da que manaba abundante auga, foi construída por Gabino, un dos mellores traballadores que tivo a administración na década que vai do 1985 ata 1995. Non sabemos en que estado se atopa agora, pero coidamos que, cunha mínima limpeza e arranxo do camiño, podería axudar a mitigar a falta de auga doce e potable na praia de Melide. Pedimos a Parques que tome en consideración esta proposta.

CONTEDORES DE LIXO

Outro punto que chama a atención en Ons é a falla de papeleiras e contedores de lixo.

A idea xurdida dende Parques de que toda persoa que veña volva de novo a terra co lixo que xerou, sería interesante se verdadeiramente os visitantes o levaran a cabo.

Como pasa xeralmente, non se fan estudos de campo para comprobar se esa práctica se realiza e, a dicir verdade, non se aprecia tanta sucidade. O motivo non é que os visitantes se concienciaron e levan o seu lixo aos contedores dos portos de orixe, non, o que pasa é que o lixo queda depositado nos bares da zona, é dicir, non cargo coa bolsa do lixo para terra, déixoa no barreño que teñen os bares ou restaurantes illáns e que estes se encarguen. Esa é a realidade e polo tanto, pódese considerar un fracaso esa medida, agás, para Parques que así evita ter máis gastos en persoal para a recollida do lixo.

Unha boa medida sería ter un ou varios contedores ao carón do peirao para que, antes de marchar, depositen alí o lixo os visitantes.



Cartel nun dos bares de Ons pedindo que non se deixe o lixo nos baños.

LIMPEZA DE MALEZA

Despois de que a administración, por Imperativo Legal, obrigou aos veciños a facerse Concesionarios, veu o pau de encasquetarlles un IBI de luxo o que lles forzou a ter que deixar a maioría das terras que antes traballaban por ser abusivo o que teñen que pagar por elas.

Esas terras, agora, están a monte e loxicamente é Parques o que ten a obriga de limpalas para evitar, sobre todo, incendios.

Estas tarefas soen comezar entre mediados e finais de xullo, cando en terra a propia administración obriga a facelo antes de xuño. Esperemos que o fagan para evitar calquera problema.